



Actividades para proxectos | Bloque 1 : Presentación e organización de Equipos

De quen é este puzzle?

	<p>Educación Primaria 3 a 7 anos</p>	<p>Nivel Básico</p>
	<p>Temporalización 4 sesións</p>	
	<p>Socios 2 a 8 socios</p>	

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

O alumnado dos centros membros resolve puzzles para averiguar os elementos representativos de cada membro e a procedencia dos mesmos.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

1. Coñecemento básico entre os alumnos, primeiro contacto entre o alumnado dos distintos centros.
2. Dinámica de grupo, gamificación mediante a realización de puzzles.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1:

Créase unha páxina no TwinSpace e cada centro sobe unha foto do seu grupo na que apareza o elemento elixido para o desenvolvemento do proxecto, idade do alumnado, nome do centro e país.



Paso 2:

Realízase unha segunda foto, unha captura da primeira ou unha na que apareza o elemento elixido. Esta segunda imaxe sóbese a unha ferramenta xeradora de puzzles e convértese nun puzzle de 8 a 12 pezas. Captúrase a imaxe do puzzle sen rematar de unir e sóbese a Imaxes-Materiais do TwinSpace. Se se quere facer o puzzle online na pizarra dixital, copiase o enlace xerado para ese puzzle e pégase na páxina da actividade no TwinSpace.

Créanse carpetas nas que cada centro membro irá aloxando as súas imaxes ó largo do proxecto e outra na que se garden as imaxes para imprimir e facer os puzzles.



Generador de puzzles: <http://www.fla>

O profesorado imprime a imaxe, plastifica e recorta as pezas.





Fase 2: Posta en práctica

Paso 3:

O alumnado resolve os puzzles e unha vez rematados comprobamos a qué grupo de alumnos corresponde. Amósanselle todas as fotos de grupo de cada país socio que o profesorado subiu previamente na primeira páxina do TwinSpace e o alumnado averigua a cal dos centros participantes corresponde cada puzzle.

Fase 3: Recollida de datos e promoción.

Paso 4:

Para rematar cada centro ten que presentar unha foto dun dos puzzles que o seu alumnado resolveu xunto á foto do grupo ó que pertence. Créase unha nova páxina no TwinSpace con todas as fotos emparelladas, desta maneira faise pública a identidade de cada centro e o elemento que o representará durante o proxecto.



Paso 5:

Créase unha páxina “How we work” na que se amosan fotos do desenvolvemento da actividade.



Paso 6:

Os socios comentan esta primeira actividade no Diario do Proxecto e comezan a utilizar o Tablón do profesorado.



Paso 7:

Inicio do mural permanente do proxecto no que se amosa o traballo colaborativo entre equipos internacionais.

PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

Presentación de fotografías no TwinSpace e inicio do mural permanente sobre o proxecto nos colexios coa información sobre os centros membros, nome do centro e país.

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- TwinSpace para compartir fotos ou vídeos da actividade.
- Ferramentas para xerar o puzzle <http://www.flash-gear.com/puzzle/o> [Jigsawplanet.com](http://www.jigsawplanet.com)